

Fenavin, Prowein e London Wine, próximas citas internacionais da D.O. Ribeira Sacra

A D.O. Ribeira Sacra participará en **Fenavin**, feira de referencia do viño español, que se celebra **do 10 ao 12 de maio en Ciudad Real**. A D.O. Ribeira Sacra estará presente no stand da Xunta de Galicia, Pavillón 1, Osiris. Nesta edición do certame estarán presentes, tamén, as seguintes **adegas da D.O. Ribeira Sacra con stand propio**:

- Adega Ponte da Boga S.L.
- Alma das Donas S.L.U.
- Bodegas Rectoral de Amandi S.A.U. Bodegas Gallegas.
- EDV 2015 S.L.U.
- Dominio do Bibeí S.L.U.
- Moure Fernández, Rubén. Finca Cuarta
- Regina Viarum S.L. (HGA Bodegas)
- Ronsel do Sil S.L.

A D.O. Ribeira Sacra estará representada no **Túnel do Viño de Galicia** que organiza **AGACAL**, Axencia Galega de Calidade Diferenciada, nesta ocasión cos viños premiados na Cata dos Viños de Galicia, co que estará **Prómine Singular de Adegas Petrón como Mellor Tinto de Galicia 2021**.

A seguinte cita coa promoción internacional será **Prowein, a Feira de Düsseldorf celébrase do 15 ao 17 de maio**. Unha oportunidade excelente para promocionar e dar a coñecer os viños da D.O. Ribeira Sacra no mercado internacional, onde cada vez son máis demandados e valorados. Nesta ocasión acudirán máis de 20 adegas da D.O. Ribeira Sacra con máis de 50 referencias.

Por segunda ocasión, a D.O. Ribeira Sacra acode á London Wine Fair e faino con ACRUAGA, Consellos Reguladores do Viño e Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia a través do convenio co IGAPE para a promoción internacional dos viños e destilados amparados baixos os selos de calidade diferenciada de Galicia. Esta será a segunda acción conxunta, despois da desenvolvida este ano en Vinexpo. A **London Wine Fair terá lugar entre o 7 e o 9 de xuño** e a participación nesta feira contribuirá a consolidar as vendas das adegas da Denominación que xa exportan ao mercado anglosaxón e abre a posibilidade a outras adegas.